

# SUXESTIÓNS 19.III.23

- Fano regálanos esta coresma unha actividade que imos seguir, guiados por un mapa titulado: “**Buscando o tesouro de Xesús**”. Percorreremos desertos, oasis, Xerusalén e Betania para chegar ao tesouro da CRUZ, Cristo morto e resucitado. Atoparémonos con personaxes: o tentador, Elías e Moisés, a Samaritana, o Cego, Lázaro... No camiño atoparemos pistas: a Palabra, a auga, a Luz e a Vida. Atrevédesvos?

Busca en: <https://odresnuevos.es/2023/02/13/coresma-fano-2023/> Aprendede esta canción sobre este tema: O tesouro de Xesús, Unai Quirós e Fano, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=OusQnQ7ItSo> Aquí tes tamén o mapa de Fano: <https://odresnuevos.es/2023/02/13/coresma-fano-2023/#jp-carousel-20299>.

Facede o mapa completo en forma de rolo ou en papel pluma e cada domingo ides engadindo o mapa que toca e explicádelo. Hoxe poñeremos o cartel 4º de Coresma.

- Mañá día 20 celebramos a S. Xosé, pero neste domingo celebramos o **día do Seminario**. Visitade o Seminario, preguntade que se fai alí e rezade todos os días: Pai bo, que me amas, confío en que tes unha vocación especial para a miña vida que conducirá á miña santidade e a miña felicidade. Ensíname como falar contigo e escoitarte, para que no silencio da oración poidas abrir o meu corazón

para coñecer e seguir este plan. Se son chamado a unha vocación na túa Igrexa, dáme a coraxe para dicir «si». Por favor, coloca persoas santas no meu camiño para axudarme a coñecerte, amarte e servirte, para que poida converterme nunha testemuña efectiva do teu amor no mundo. Amén.

- Podemos facer un cartel nunha cartolina branca onde poñemos a lapis a **silueta das nosas dúas mans**. A idea é que expresen que todos como o cego necesitamos axuda. Así que nunha palma escribimos o nome dunha persoa que nos axudou e o que fai por nós. Na outra man poñemos o nome Xesús e en que nos axuda. E presentámolo na Acción de Grazas.
- Seguindo a temática das semanas anteriores nas escaleiras do presbiterio poderíase **colocar diversas candeas** que acendemos nalgún momento e un cartel: “Señor pon a luz da fe nos meus ollos”.
- Poderíase **vendarlle os ollos** a un, pasealo por entre os bancos e preguntarlle como se sentiu.
- Resulta fácil a **representación do evanxeo** con 3 grupos que dialoguen: Xesús, o cego (quítase as lentes escuras cando Xesús o cura) e os seus familiares (cegos de fe, representados con lentes escuras).



- Na homilía poderíase falar das nosas cegueiras e que o mundo hai cada día máis cegos, incapaces de descubrir a Deus e de ter fe. Hai moitas persoas que non cren en Deus ou que xa non o ven nin o senten nas súas vidas. **Con estas vitaminas: oración, eucaristía, amor e Xesús** queremos simbolizar os remedios que habemos de tomar para non quedar definitivamente cegos á visión de Deus. (Saen catro mozos/as con catro tarros onde estean sinaladas as vitaminas oración, eucaristía, amor e Xesús. Poden substituírse por outras).
- Estes días o grupo, o equipo de liturxia, e cada un debería preparar ben a **celebración do Sacramento do Perdón**, se é posible nunha celebración comunitaria e festiva do Perdón. Para iso pensa aquelas cegueiras que vives e onde queres que Xesús sexa luz.
- En Coresma **lembramos o noso bautismo** e preparámonos para a vixilia pascual. Ao celebrar este sacramento entrégase a **candea acesa** no cirio pascual aos pais e padriños e díxolles: *“A vós pais e padriños confíasevos acrecentar esta luz, para que iluminados por Cristo camiñen sempre como fillos da luz”*. Acendede a vela no cirio pascual e dicide: *“Ofrecemos a Xesús os nosos ollos para que cure a nosa cegueira e nos axude a mirar a todos coa mirada de Deus, a mirada de fe e de amor”*.
- Poderíase dar a cada neno un anaco de papel para que **debuxe nel os seus ollos** e crávase diante do altar. E din: ofrecemos a Xesús os nosos ollos para aprender a ver coma El.

**VÍDEOS: Coresma-4ºA, Xoán 9, 1.6-9. 13-17. 34-38,  
O cego de nacemento.**

-Xesús sanda un cego de nacemento, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=l6Wz76gZw2I>

-Curación dun cego de nacemento, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=sXuKIFjbA-g>

-A curación do cego, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=6mTph1Yjk44>

-Xesús sanda un cego de nacemento, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=z50XDxCHkxQ>

-Atrévete a mirar diferente?, Verbo Divino 2014,

reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=T>

-FXwxq0urY -Volve mirar, Verbo Divino 2017, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=07sZ8g5A39E>

-Xesús sanda un home cego, narración:

[https://www.youtube.com/watch?v=33fWhP\\_tWfQ](https://www.youtube.com/watch?v=33fWhP_tWfQ)

-O Señor é a miña Luz e a miña salvación (Sal 22), Hna.

Glenda, canto:

[https://www.youtube.com/watch?v=yUt\\_WbPqzSM](https://www.youtube.com/watch?v=yUt_WbPqzSM)

-O cego de nacemento, Javier Brú, canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=ZO2Fup7A6Gc>

-Quero verte, canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=VfqbYjcuDLA>

-Xesús e o cego de nacemento, teatro nenos:

<https://www.youtube.com/watch?v=Ge3e4DzW2jE>